



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Public 2980

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

MEMORIA 1991

Marzo 1992

O novo mapa universitario galego e a creación de novos Centros e titulacións nesta Universidade tiña xa presentado en 1990 a necesidade de proceder a unha revisión do marco regulamentario da BU. A partir do nomeamento da Presidenta da Comisión da BU puxéronse en marcha os traballos da Comisión co fin de elaborar unhas Normas provisionais, ó estarse a facer uns novos Estatutos da Universidade. Estas normas foron aprobadas na Xunta de Goberno da Universidade o 27 de setembro, e delas pódese destacar:

- A definición dunha nova estrutura máis flexible da BU, que permitirá ir á creación de unidades máis amplas que as Bibliotecas de Centro.
- A necesidade de participación en redes, programas e convenios que potencien os fins da BU.
- Unha nova composición da Comisión da BU, coa participación de tódolos Presidentes das Comisións das Bibliotecas de Centros, e con representación do cadro de persoal de bibliotecarios.
- A creación dunha Xunta Técnica da BU.
- A introducción dun Título relativo ó presuposto da BU.
- Unha redacción máis acorde á situación actual en canto ós servizos da BU. Neste sentido hai que salienta-la flexibilización do préstamo daqueles fondos adquiridos con recursos financeiros externos á Universidade.

Este ano foi tamén o do inicio da automatización da BU. Dende 1989 a Dirección da BU viña traballando neste proxecto, partin-

do dunha análise da situación bibliotecaria e tendo en conta as comunicacións informáticas entre os edificios en que se atopan as Bibliotecas.

En canto á configuración informática tiñase xa decidido en anos anteriores que o comezo da automatización da BU se fixese cun modelo semidescentralizado, que na súa primeira fase traballará nun ordenador residente na BX e nun ordenador residente nos Servicios Informáticos. O primeiro destes ordenadores dará servizo á BX e á B. da Facultade de Xeografía e Historia, e o segundo ás Bs. de Bioloxía, Farmacia, Filosofía e CCE., Física, Matemáticas e Química. As restantes bibliotecas entrarán nunha segunda fase do proxecto e a súa configuración informática dependerá dos avances que nese momento teña conseguido o PICUS.

No ano 1991 resolveuse o concurso de licitación para a adquisición do hardware preciso para esta automatización, adquiríndose dous ordenadores de Data General Avilion 4020, 38 pantallas Visa, e 16 impresoras.

Aínda que cun retraso considerable sobre os plans que tiña elaborado a Dirección da Biblioteca e por razóns alleas á mesma, en outubro comezouse a automatización na Biblioteca Xeral. Debido a problemas de infraestructura informática non foi posible o inicio da automatización do Campus Sur. A situación a finais de 1991 é como segue:

- Rematouse a instalación física de ordenador e periféricos na

instalación da BX.

- Está instalado no ordenador da BX o programa SABINI.

- Impartíronse na BX os cursos do programa SABINI nos módulos de catalogación, autoridades e publicacións periódicas nos meses de setembro e decembro.

- Comezou a catalogación automatizada dos fondos de novo ingreso na BX. Neste momento a base de datos conta con 6.759 rexistros automatizados e 21.500 autoridades. Todos estes rexistros son de publicacións unitarias (monografías e artigos de revistas). O inicio da automatización de publicacións periódicas está previsto para febreiro de 1992.

- Contratouse cunha empresa de servicios a reconversión dos catálogos manuais da Sección de Galicia e dos catálogos da maioría das Bibliotecas do Campus Sur. Isto supón que, aínda que haberá que uniformar e pulir a información introducida, a mediados de 1992 poderáse contar cunha base de datos de máis de 70.000 rexistros.

- Contratouse cunha empresa de servicios a catalogación orixinal da Sección de Préstamo da BX e dos fondos sen catalogar da maioría das Bibliotecas do Campus Sur (33.000 rexistros), catalogación para a que a empresa ten un tempo máximo de realización de 2 anos, aínda que irán incrementando a base a medida que se van realizando. Esta empresa xa ten iniciado os seus traballos na BX.

- Cableáronse as Bibliotecas do Campus Sur, estando pendente a

resolución do concurso de licitación dos modems que permitirán conectar estas Bibliotecas co ordenador situado nos Servicios Informáticos.

Así mesmo iniciáronse outros traballos e programas que teñen incidencia no proceso de creación da base de datos. Neste terreo pódense salienta-los contactos da Biblioteca co Servicio de Normalización Lingüística da Universidade cara á traducción do Repertorio de materias da Universidade Laval, co fin de que a base de datos poida ser interrogada en galego, castelán, inglés e francés. O Servicio de Normalización ten presentado o proxecto á Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia co fin de conseguilo financiamento que faga posible a súa realización.

Por outra parte, ata fins deste ano 1991 non se plasmaron os contactos iniciados en 1990 coa Comisión do V Centenario cara a reconversión dos catálogos da Biblioteca América. En Decembro de 1991 esta Comisión decidiu financia-lo proxecto, quedando pendente a sinatura do Convenio para principios de 1992. Este Convenio permitirá incrementa-la base de datos cos rexistros de fondos hispanoamericanos desta importante Biblioteca.

A automatización do servicio de préstamo interbibliotecario sobre un programa desenvolto na propia Universidade non puido ser posta en marcha, xa que a Unidade de Microinformática non contou coa dotación de persoal para facelo. A Sección de Servicos da BU

ten xa feitas as especificacións funcionais do programa. Con posterioridade a este estudio, xurdiu a posibilidade de adquisición dun programa comercial por parte das Bibliotecas de REBIUN. A BU agarda que algunha das dúas alternativas permita no vindeiro ano automatiza-la xestión deste servizo.

A Biblioteca seguiu a participar nos traballos da rede REBIUN, na que neste ano ingresaron como novos membros de pleno dereito a Biblioteca da Universidade Carlos III de Madrid, e a Biblioteca da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona, e como membro asociado a Biblioteca da Universidade Pública de Navarra.

Neste ano 1991 elaborouse o Regulamento da rede, fixando os seus obxectivos, órganos de goberno, tipos de membros e as características das Comisións técnicas. A BU de Santiago forma parte da Conferencia de Directores e da Comisión de Préstamo Interbibliotecario.

A Comisión de PI traballou fundamentalmente sobre tarifas e sistemas de pago, estudiando as posibilidades de uniformar os custos cara ás Bibliotecas do Estado que non forman parte da rede e as Bibliotecas do extranxeiro, posibilidades que non parecen factibles de momento. A Comisión está tamén a traballar sobre a adquisición dun programa de automatización do PI.

O CD-ROM cos fondos automatizados existentes nas Bibliotecas da

rede está a punto de saír á rúa no momento da redacción desta Memoria.

A BU de Santiago estivo tamén presente nas actividades de formación de REBIUN. A rede realizou un Curso sobre Adquisición de Bibliografía científica nas Universidades no marco dos Cursos de verán da Universidade de Cantabria. A este Curso asistiu persoal bibliotecario da nosa Universidade como docentes e como alumnos.

Neste ano 1991 os traballos da rede DOCUMAT, na que participa a BU de Santiago a través da B. da Facultade de Matemáticas, executou os seus plans de completa-las coleccións de revistas desta especialidade con aqueles títulos de nova publicación ou con títulos relevantes que non existían en ningunha Biblioteca de España. Neste proxecto a Biblioteca da Facultade de Matemáticas de Santiago participou coa suscripción de 5 novos títulos de publicacións periódicas.

Outros traballos da rede foron a actualización do catálogo de publicacións periódicas deste campo científico, e a elaboración dun plan de adquisición de fondos retrospectivos de revistas matemáticas non existentes en Bibliotecas do Estado. A edición do Catálogo e a posta en marcha deste plan agárdase que poida realizarse en 1992.

A BU xa tiña colaborado en anos anteriores para a edición do Catálogo Colectivo de Publicacións Periódicas de Biomedicina de

Galicia. Co fin de manter actualizada esta información e de amplia-lo seu alcance a outras áreas científicas, as Direccións da BU e da Biblioteca do Hospital Juan Canalejo presentaron en Decembro de 1991 un Proxecto para a realización dun Catálogo de Publicacións Periódicas Científicas en Bibliotecas da Comunidade de Galicia á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, solicitando o seu financiamento.

PRESUPOSTO

O presuposto aprobado pola Xunta de Goberno para 1991 foi de 261.000.000 pts., distribuídas do seguinte xeito:

-Aplicación 605: 25.000.000

-Aplicación 608: 217.000.000

-Aplicación 220: 19.000.000

A aplicación 605 xestionouse de xeito centralizado, o que permite ter plans globais de equipamento, sen esquecer actuacións puntuais nas Bibliotecas que as precisen, e rentabiliza-los recursos xa que ó adquirirse equipos nunha soa compra obtéñense aforros considerables. A Comisión da BU aprobou o plan de investimentos desta partida, que se especifica no apartado de Instalacións e equipamentos. O estado económico da aplicación a fins de 1991 é de 10.924.855, remanente debido a non terse adquirido o mobiliario para a BX (5.100.000) ó non estar feitas as obras correspondentes e ás condicións favorabeis con que se adquiriron os controos electrónicos e o mobiliario.

A aplicación 608 foi distribuída de acordo ós criterios da Comisión da BU aprobados pola Xunta de Goberno. A partida dedicada a publicacións periódicas foi de 114.000.000, que se xestionan tamen de xeito centralizado. Esta partida que viña sendo sempre deficitaria foi saneada cun crédito extraordinario por parte do Vicerrectorado de Asuntos Económicos, de tal xeito que os investimentos reais foron de 118.145.000 pts., cun remanente de

3.568.815 (en realidade correspondente ó pago de suscripcións a publicacións da Biblioteca de CC Económicas e Empresariais, que por diversos problemas non puido ser tramitado dentro do exercicio).

O crédito para monografías dentro da aplicación 608 da BU foi de 103.000.000 pts. A súa distribución foi a seguinte:

-Biblioteca Xeral:	22.800.000
-Libros de alumnos:	16.000.000
-Libros de investigación:	62.200.000
-Dotacións iniciais para novos Centros e titulacións:	2.000.000

O crédito para libros de alumnos dividiuse de acordo a seguinte escala:

- Os 1.000 primeiros alumnos multiplican por 1
- Os alumnos entre 1.000 e 2.000 multiplican por 0,5
- Os alumnos que sobrepasen os 2.000 multiplican por 0,33

O crédito para libros de investigación distribuíuse asignando unha base fixa de 1.000.000 pts. para cada Biblioteca de Centro Superior de carácter experimental, 1.500.000 para as de carácter non experimental, e 500.000 para Escolas Universitarias. O restante crédito repartiuse según a división: 60% para Bibliotecas de Centros non experimentais, 30% para Bibliotecas de Centros experimentais, e 10% para Escolas Universitarias, computando na distribución por Centros os docentes con adicación exclusiva según a escala:

- Os primeiros 50 profesores contabilizan todos

-Os profesores entre 50 e 75 contabilizan o 75%

-Os profesores en número superior a 75 contabilizan o 50%

Cada Biblioteca de Centro xestionou o seu propio crédito, e a falta de peche oficial de exercicio da Sección de Contabilidade é imposible no momento de redacción desta Memoria proporcionar datos, posto que os ofrecidos polas Bibliotecas á Dirección da BU non son comparables, xa que unhas ofrecen datos de gastos totais, incluíndo créditos investidos polos Departamentos en fondos bibliográficos, créditos de Axudas de Infraestrutura, etc., e outras non. Os datos parciais ofrecidos polo Servicio de Contabilidade indican que algunhas Bibliotecas deixaron sen investir parte considerable do seu presuposto (B. de Bioloxía, Farmacia, Física, CU de Lugo), mentres que outras o executaron practicamente na súa totalidade (Bs. de Dereito, Matemáticas, EU de EXB de Santiago, Veterinaria, EU de Empresariais de Lugo). A BX pechou con - 10.188 pts.

A aplicación 220 diminuíu neste ano en 3.500.00 pts, asumindo 2.000.000 desta baixa a BX. Distribuíuse tendo en conta o tamaño de cada Biblioteca nunha escala de 900.000, 700.00, 500.000 e 250.000 pts. A exigüidade desta aplicación móstrase claramente nos datos provisionais de peche do exercicio, xa que practicamente ningunha Biblioteca ten un remanente superior ás 1.000 pts.

A Xunta de Goberno da Universidade aprobou tamén investimentos do fondo de solidariedade por importe de 70.000.000 pts. para a

automatización da BU. Estes fondos empregáronse na preparación das instalacións (canaletas e cableado informático), en material de comunicacións fundamentalmente no Campus Sur, e nos concursos de reconversión de catálogos manuais a soporte informático.

PERSOAL

No ano 1991 a BU contou co seguinte persoal:

- Escala Facultativa de Arquivos e Bibliotecas: 5
- Escala de Axudantes de Bibliotecas: 49 (6 vacantes, cubertas con persoal contratado laboral)
- Contratos de obra: 7
- Auxiliares Administrativos: 3
- Auxiliares Técnicos de Bibliotecas: 59
- Porteiro Maior: 1
- Conserxes: 2

Na oferta de emprego público de 1991 auméntase esta plantilla con 12 prazas da Escala de Axudantes de Bibliotecas (4 prazas de nova creación, e as restantes correspondentes ós contratos de obra e interinidades) e 19 auxiliares técnicos de Bibliotecas.

Os cambios que están a sufrir as Bibliotecas no momento actual fan cada vez máis necesario a formación continua do persoal bibliotecario. A Dirección da BU ten plantexado dende hai tempo a necesidade de creación de bolsas de formación para o seu persoal técnico con obxecto de que poida coñecer e transplantar experiencias feitas noutras bibliotecas españolas e estranxeiras. Dende o ano 1989 agárdase unha resposta favorable a este plan por parte da Xerencia da Universidade. O 3 de Outubro de 1991 fíxose unha actualización da proposta ó Ilmo. Sr. Xerente.

Persoal da BU participou en diversos cursos de formación

organizados por entidades alleas á Universidade. No mes de Maio a BU a través da Sección de Procesos Técnicos estivo presente no Curso de Conversión Retrospectiva de Catálogos organizado polo CSIC. En xuño, a través da Sección de Servicios da BU, participouse no Curso de Introducción á Creación de Bases de datos, organizado polo CSIC. Nos meses de verán diversos bibliotecarios asistiron a cursos de automatización de Bibliotecas e xestión de ficheiros de autoridades organizados pola Xunta de Galicia. No mes de setembro persoal da EX e da E. de Matemáticas asistiron ó Curso La adquisición de Bibliografía para Universidades, dentro dos Cursos de Verán da Universidade de Cantabria. Persoal da BU ten asistido ós Cursos de Lingua Galega, organizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

INSTALACIONES E EQUIPAMENTO

Neste ano 1991 2 Bibliotecas de Facultades, Veterinaria e Filoloxía, cambiaron as súas instalacións ó trasladarse de edificio os Centros. Aínda que este cambio supuxo melloras, non foron sin dúbida as desexables, posto que ámbalas dúas teñen problemas de circulación que supoñen incomodidades ós usuarios, cando non problemas de seguridade, non supoñen espazos suficientes para albergar-los fondos a medio prazo, e non permiten aumentar-los postos de lectura para conseguir-los normas mínimas internacionais (20% do número total de alumnos). En ámbolos dous casos presentan o aspecto positivo de que permiten que ó menos certas fraccións das coleccións estean en acceso directo para os usuarios.

Un incremento de espacio considerable obtívose na Biblioteca da Facultade de CC Económicas e Empresariais, que permite ter-los coleccións de revistas en acceso directo, ó tempo que unha zona de consulta para investigadores. Sen embargo, ata que esta Biblioteca se dote de persoal suficiente non poderá funcionar axeitadamente.

Polo contrario, diminuíron os postos de lectura na Biblioteca da Facultade de Filosofía e CC da Educación, xa que a incapacidade das súas instalacións para albergar-los fondos, obrigou a ocupar parte dunha sala de lectura con fondos de publicacións periódicas. Esta diminución de postos foi compensada polo Centro construíndo unha Sala de estudio (máis claramente de "lectura de

apuntes") fora das instalacións da Biblioteca.

A Dirección da BU informou durante o ano 1991 tanto os proxectos das instalacións xa reseñadas, coma os previstos para 1992: Biblioteca da EU de Formación do Profesorado de EXB de Lugo e da Facultade de Dereito, así como da ampliación da Biblioteca Xeral, insistindo sempre na necesidade de espacio que as diversas unidades teñen e nos aspectos de circulación que permitirán servizos mellores e menos costosos.

Adquiríronse neste ano diversos equipamentos, potenciándose aqueles que permiten mellores servizos ós usuarios: controles electrónicos e estanterías para o acceso directo, equipos de lectura de CD-ROMs, fotocopiadoras e complementos para lectores de microformas, e diversos equipamentos para a instalación dos fondos, seguindo a proposta aprobada pola Comisión da BU.

Non foi posible face-los investimentos previstos na BX, dado que non se dispuxo de novos locais ata fin de ano e que no momento de redactar esta Memoria están aínda sen face-las obras correspondentes.

DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIONS

A BU de Santiago adquiriu no ano 1991 29.920 monografías cos investimentos do seu propio presuposto, e dos presupostos de Departamentos, Proxectos de Investigación e Axudas da Xunta de Galicia. Destes fondos 5.056 ingresaron na BX, 20.192 nas Bibliotecas do Campus de Santiago e 4.672 nas Bibliotecas do Campus de Lugo.

Un desglose por Campus e por tipo de adquisición indica os seguintes datos:

I. Biblioteca Xeral:

-Por compra :	3.474
-Por intercambio :	107
-Por donativo :	862
-Por Depósito Legal :	485
-Por depósito da FAO :	128

Entre estas adquisicións hai que destacar o ingreso de 1.021 obras do fondo de Galicia, moitas delas adquiridas no mercado de anticuario e que supoñen o enriquecemento destas coleccións dun xeito sustancial. Entre estes fondos hai que destacar pola súa rareza as primeiras edicións de De mi Tierra, e La Revolución y la novela en Rusia de la Condesa de Pardo Bazán, de Farsa y Licencia de la Reina Castiza, Aromas de Leyenda, e Los cuernos de Don Friolera de Valle-Inclán, San Gonzalo de Alvaro Cunqueiro, e outras primeiras edicións de Cela, Torrente Ballester, Fernández Florez, etc. Salientables son tamén un grande número de obras

galegas editadas en América, como diversas edicións de Castelao, Xavier Bóveda e Blanco Amor.

Así mesmo adquiríronse importantes obras bibliográficas e de referencia como o Deutsche Staatsbibliothek : Alphabetical catalogues of books published up to 1974, Inventaire des Instruments de Recherche: Manuscrits Occidentaux da Biblioteca Nacional de Paris (ambas adquiridas coa Axuda para Infraestructura de Investigación e Bibliotecaria da Xunta de Galicia), o Catálogo de Varios Especiales e o Catálogo da Colección Gómez Imaz da Biblioteca Nacional de Madrid, O Kataloge der Bibliothek des Zentralinstituts für Kunstgeschichte in München, The British Library General Subject Catalogue of Printed Books 1986-1990, etc.

Entre os donativos destacan 300 volumes de monografías doados pola Comisión do V Centenario da Xunta de Galicia.

II. Bibliotecas de Centros do Campus de Santiago

-Por compra :	16.144
-Por intercambio :	1.544
-Por donativos :	2.504

Entre os donativos hai que reseña-la doazón feita polo Prof. Fochmarski de 55 obras en lingua rumana, que, aínda que provisoriamente se atopan na Biblioteca Xeral, pasarán a incrementalos fondos da Biblioteca da Facultade de Filoloxía, unha vez que ésta se ten trasladado ás súas novas instalacións.

III. Bibliotecas de Centros do Campus de Lugo

-Por compra :	4.367
-Por intercambio :	29
-Por donativo :	276

As coleccións de publicacións periódicas da BU incrementáronse cos fascículos de 6.485 títulos. O desglose destes títulos por Campus, sistema de adquisición e fonte de financiamento é o seguinte:

I. Biblioteca Xeral:

-Por compra sobre o presuposto centralizado:	132
-Por compra sobre o presuposto da BX:	41
-Por compra con financiamento Axuda Xunta:	3
-Por intercambio:	102
-Por donativo:	217
-Por Depósito Legal:	346
-Por depósito da FAO:	22
TOTAL: 863 títulos	

Entre as publicacións adquiridas hai que destaca-la suscripción a 14 bases de datos en CD-ROM, sendo o Central Catalogue Belgium adquirido coa Axuda para Infraestrutura de Investigación e Bibliotecaria da Xunta de Galicia.

Ademais destes fondos en curso, as coleccións da BX incrementáronse coa adquisición de fondos retrospectivos das seguintes publicacións: A Nosa Terra (Exilio), Estafeta Literaria, Revista gallega, e Vértice

De acordo coa política posta en marcha por esta Biblioteca co

fin de asegurar a existencia de coleccións o máis exhaustivas posibles de prensa antiga de Galicia, así como de asegurala súa conservación (véxase apartado de mantemento das coleccións), adquiriuse o microfilm da etapa de Ferrol de El Correo Gallego (anos 1878-1938).

Dentro da mesma liña solicitouse unha Axuda para Equipamento de Infraestructura de Investigación e Bibliotecaria da Xunta de Galicia co fin de adquirirla edición microfilmada de La Región (anos 1910 a 1979), e El Progreso (anos 1908 a 1979). O importe desta solicitude era de 7.886.682 pts. No momento de redactar esta Memoria está confirmada a concesión de 6.000.000.

A BX xestionou tamén a adquisición gratuita de diversos fascículos non existentes nas coleccións de títulos da BU con outras Bibliotecas Universitarias que os tiñan duplicados. Recibíronse fascículos das Bibliotecas universitarias de Cantabria (28 títulos), Murcia (20 títulos), Sevilla (15 títulos), Autónoma de Madrid (16 títulos), Alcalá (13 títulos), e en menor número de Barcelona, Oviedo, e Complutense de Madrid. Tamén a Biblioteca do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol proporcionou a esta Biblioteca fascículos duplicados de 8 títulos. Todos estes fascículos se integraron ben nas coleccións da BX, ben nas coleccións das Bibliotecas de Centros onde existían fondos dos títulos solicitados.

Pola súa parte a BU de Santiago enviou fascículos duplicados ás

Bibliotecas Universitarias de Murcia (32 títulos), Sevilla (11 títulos) e Cantabria (4 títulos).

II. Bibliotecas de Centros do Campus de Santiago:

-Por compra sobre o presuposto centralizado:	3.157
-Por compra sobre presupostos de Departamentos, Proxectos de Investigación, Axudas Xunta, etc.:	712
-Por intercambio:	612
-Por donativos:	615
TOTAL: 5.096	

Adquiríronse fondos retrospectivos de 193 títulos das coleccións de revistas e series existentes nestas Bibliotecas.

III. Bibliotecas de Centros do Campus de Lugo

-Por compra sobre o presuposto centralizado:	407
-Por compra sobre presupostos Departamentos, Proxectos Investigación, Axudas Xunta, etc:	6
-Por intercambio:	10
-Por donativos:	103
TOTAL: 526 títulos	

Adquiríronse fondos retrospectivos de 3 títulos na Biblioteca do Colexio Universitario e de 9 títulos na Biblioteca da EU de Estudos Empresariais.

O mantemento das coleccións existentes é de particular importancia na BX, dados os seus fondos históricos. Neste eido seguíronse a desenvolver as liñas iniciadas en anos anteriores:

-Limpezas, reparacións e encadernacións de fondos, tarefas nas que se investiron 904.442 pts.

-Programa de microfilmación de prensa antiga de Galicia, no

que se investiron 815.718 pts. No ano 1991 estes traballos foron feitos por SERVIMAV, aínda que a duplicación dos masters ten que ser realizada por unha empresa privada, o que retrasa considerablemente a dispoñibilidade dos microfilms para consulta. As publicacións Colección Diplomática de Galicia Histórica e Colección de Documentos Históricos foron microfilmadas na súa totalidade, mentres que se iniciou a microfilmación dos periódicos seguintes : La Noche, El Correo de Galicia, El Compostelano, e El Eco de Santiago.

-Aínda que o programa de microfilmación de fondos monográficos antigos non se iniciará sistemáticamente ata que estea finalizado o indicado no punto anterior, a petición de reproducións por parte dos usuarios de determinadas obras ou as súas características de exemplares únicos coñecidos aconsellaron a microfilmación de 33 títulos, entre os que hai que destacar os manuscritos Diurno de Fernando I, e De Caminos de Sarmiento, así como diversos incunables e impresos dos fondos históricos e do depósito da Real Sociedade Económica de Santiago.

-Seguíuse a substituír a edición en curso impresa de 6 diarios polo correspondente microformato de conservación : La Voz de Galicia, El Correo Gallego, , El Faro de Vigo, ABC, El País e La Vanguardia.

-Iniciáronse contactos co Instituto de Conservación y Restauración de Bienes Culturales do Ministerio de Cultura co fin de restaurar diversos fondos que se atopan nun mal estado de conser-

vación. Agárdase que estes traballos poidan comezar en 1992.

ORGANIZACION E PROCESOS TECNICOS

No ano 1991 procesáronse un total de 30.025 monografías, é dicir que nos catálogos da BU ingresaron máis fondos dos que realmente se adquiriron, o que se explica polo feito de que algunhas Bibliotecas están a procesar fondos que con anterioridade se atopaban nos Departamentos ou nas propias Bibliotecas sen integrar nas súas coleccións.

Fese a que este dato global é positivo, unha análise máis pormenorizada das estatísticas das Bibliotecas indican que só algunhas son capaces de asumir máis catalogación que novas adquisicións, como é o caso das Bibliotecas das Facultades de Matemáticas ou Filoloxía, mentres outras non fixeron fronte ó número de ingresos anuais, caso das Bibliotecas da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, do Colexio Universitario de Lugo ou da Biblioteca Xeral. O feito ten unha relación evidente coas dotacións de persoal e cos ingresos de monografías, moito máis numerosos nas Bibliotecas de Humanidades e Ciencias Sociais que nas restantes.

Non existen datos nas Bibliotecas de Centros sobre o número total de fascículos ingresados das 6.485 publicacións periódicas que se están a recibir.

Na BX incluíronse nos rexistros de publicacións 18.882 unidades, ben sexan fascículos impresos, microfichas, rolos de microfilme ou CD-ROMs. No departamento de publicacións periódicas catalogáronse 1.060 publicacións, das que 441 eran novos títulos e 136

números soltos referidos a Galicia.

Seguíronse tamén baleirando mediante a correspondente catalogación analítica os artigos de revistas en curso de fondo galego, realizándose un total de 2.541 rexistros catalográficos. Así mesmo continuáronse as tarefas de baleirado de fondos retrospectivos de revistas galegas, quedando finalizada neste ano 1991 a catalogación completa de artigos de 33 títulos, entre eles o Boletín da Real Academia Galega, Compostellanum, Encrucillada, Cuadernos de Estudios Gallegos, Boletín Auriense, Boletín do Museo Provincial de Lugo, Agalia, Thalassas, Boletín Galego de Literatura... Este plan de baleirado iniciado no ano 1989, e que se está a levar adiante na súa primeira fase (baleirado das publicacións que se seguen a editar), suporá a constitución da máis importante base de datos bibliográfica de Galicia que se estea a realizar nestes momentos.

En 1991 remataron os traballos de revisión e actualización do catálogo de publicacións periódicas da BU, incluídos os títulos pechados, téndose entregado á imprenta no mes de agosto. Agárdase a súa edición impresa para datas próximas.

Como xa se dixo na introducción desta Memoria, na Biblioteca Xeral empezouse a catalogación automatizada cargándose na base de datos 1.154 rexistros bibliográficos a fins de ano (destes, 251 corresponden a monografías, os restantes a artigos de revistas). O curso de formación e as prácticas do persoal antes de inicia-lo

traballo en real retrasaron nesta Biblioteca os labores de catalogación nese primeiro momento.

A base de datos da instalación da BX quedou definida do seguinte xeito:

-Un catálogo de Galicia, onde se inclúen as monografías dos fondos desta sección, así como artigos de revistas e colaboracións referidas a Galicia, en lingua galega, de autor galego ou editados en Galicia.

-Un catálogo xeral da BU onde se inclúen as monografías de tódolos fondos da BX e que no futuro albergará tamén os das restantes instalacións. Un volcado semanal, ata o momento en que estean operativas as comunicacións entre as dúas instalacións, permitirá que este catálogo estea disponible na instalación do Campus Sur.

-Un catálogo de publicacións periódicas que comezará a realizarse en 1992.

En relación a este proxecto de automatización realizáronse así mesmo diversos traballos técnicos cara a unha máis estricte unificación da normativa entre tódalas bibliotecas. A Sección de Procesos Técnicos da BU definiu o nivel de catalogación a empregar, e xunto cos Directores das Bibliotecas de Centros que van iniciar a automatización elaboraron novos sistemas de signaturas cara á colocación dos fondos bibliográficos. Estes sistemas que serán postos en marcha coa automatización distribuirán os fondos por materias, de tal xeito que queden preparados para o paso ó

acceso directo por parte dos usuarios no momento en que as instalacións de cada Biblioteca o permitan.

En canto á organización propiamente dita a Dirección da BU realizou a petición do Equipo Rectoral un estudio para a centralización e racionalización da Biblioteca da Facultade de Dereito.

SERVICIOS

A BU ven prestando un conxunto de servizos á comunidade universitaria que abrangue dende a consulta en sala, o préstamo, a información bibliográfica e referencia, o préstamo interbibliotecario, a reprografía, a formación de usuarios, actividades de difusión bibliográfica, etc.

As demandas de documentos orixinais para consulta foron 433.117 documentos. Fuxéronse en servizo 346.966 documentos, sin incluír nestas cifras as consultas das coleccións en acceso directo (na maioría das Bibliotecas como mínimo os últimos anos das publicacións periódicas en curso).

Deste conxunto de documentos, 216.203 foron solicitados para consultar nas propias instalacións das Bibliotecas, dos que 185.713 foron demandados no Campus de Santiago e 30.490 no Campus de Lugo. Deste conxunto puidéronse cubri-lo 87% das solicitudes (166.225 no Campus de Santiago e 21.665 no Campus de Lugo).

Na Biblioteca Xeral recuperáronse practicamente as cifras de consulta na sala xeral de 1989, que tiñan baixado considerablemente en 1990 (1989: 8.368; 1990: 6.890; 1991: 8.096). É casi idéntico o número de consultas realizadas neste ano na Hemeroteca (1990: 4.549; 1991: 4.607) e na Sala de Investigadores (1990: 2.318; 1991: 2.212). Por primeira vez neste ano estudiáronse nesta Biblioteca os tramos horarios de consulta nas Salas, con

obxecto de distribuír o persoal de acordo ás cargas de traballo. Os resultados indicaron que na quenda de mañá se serviron nas salas o 46,75% dos fondos e na quenda de tarde o 53,25% restante, datos que aínda hai que matizar tendo en conta que dende o 16 de xulio ata o 31 de agosto a biblioteca pecha polas tardes). Unha análise máis pormenorizada indica que ata as 10 da mañá soamente se demandan o 7,36% dos fondos (pese á masificación da Sala dende a primeira hora), mentres que na quenda de tarde o índice é practicamente igual entre a primeira hora e as 18h., e entre ésta e a hora de peche.

O servizo de préstamo atendeu 185.502 solicitudes no campus de Santiago, das que satisfixo 129.819 (70% das solicitudes). No campus de Lugo solicitáronse en préstamo 31.412 documentos, dos que poideron ser prestados 29.257 (93% das solicitudes). A cobertura das solicitudes é bastante satisfactoria se se ten en conta que as demandas coinciden sobre os mesmos fondos nas mesmas datas, o que é sinalado por tódalas bibliotecas como a principal causa de non poder cubri-las solicitudes. Sen embargo, estes índices só parecen poder conseguirse con prazos de préstamo curtos, e así a maioría das bibliotecas de Centros fan préstamos entre 3 e 7 días para os alumnos que constitúen o grupo de usuarios máis numeroso. Coincidindo co comezo do curso académico 1992-1993 a Biblioteca Xeral reduxo o prazo de préstamo de 15 a 7 días, co obxecto de reduci-la porcentaxe de obras solicitadas que

non poden ser emprestadas por atoparse xa en préstamo.

Garantindo a protección dos dereitos de propiedade intelectual, tódalas Bibliotecas da BU, agás 3 que carecen do equipamento preciso, prestan servicios de reprografía dos seus fondos para os seus usuarios. Nas distintas bibliotecas de Centros reproducéronse 57.248 documentos e 12.459 na Biblioteca Xeral. Sen embargo, hai que ter en conta que o número de unidades informativas copiadas que se obtiveron dos fondos foi moito maior, xa que moitas bibliotecas posúen máquinas fotocopiadoras en acceso directo, e é imposible dar datos sobre as reproducións feitas polos usuarios, posto que o sistema de control dos diversos centros é distinto (número de páxinas, número de fotocopias, número de unidades informativas).

Tamén se fixeron reproducións de 5.293 unidades para usuarios doutros centros da Universidade, servicio que se viu mellorado pola existencia de telefacsimil na maioría dos Centros onde se ubican as bibliotecas. Este sector de reprografía, que evita ó usuario desplazarse para consultar un documento, debe ser potenciado con obxecto de rentabilizar mellor os recursos bibliográficos de toda a BU. Tendo en conta que se pode transmitir con rapidez a información a través do telefacsimil deberíase en vindeiros anos potencia-lo seu emprego para evitar duplicacións de revistas incluso entre campus xeográficos distintos.

708 documentos foron reprografiados polas bibliotecas de Centros para a BU de A Coruña e 739 para a BU de Vigo.

Tódalas bibliotecas da BU prestan servicios de información bibliográfica e referencia, aínda que agás a Biblioteca Xeral, ningunha delas posúe persoal especificamente adicado a estes servicios. Nas estatísticas proporcionadas polas bibliotecas de Centros normalmente non se inclúen datos sobre os mesmos e polo tanto non é posible especifica-los nesta Memoria, nen facer unha análise dos mesmos. Incluiráse aquí soamente unha relación dos traballos realizados polo servicio de Información e Referencia da BX, que desenvolve unha función de apoio a tódolos Centros reunindo coleccións bibliográficas interdisciplinares e atendendo aquelas consultas plantexadas tanto directamente polos usuarios como a través das Bibliotecas de Centros.

De calquera xeito, hai que resaltar que no ano 1991 a BU fixo un importante esforzo para mellorar estes servicios, instalándose equipamentos de CD-ROM na maioría das bibliotecas e substituindo fontes bibliográficas impresas polas correspondentes neste soporte. Así están operativas ou están a punto de selo 30 bases bibliográficas, as de carácter interdisciplinar (14) na BX e as restantes distribuídas en bibliotecas de Centros de acordo á súa especialización.

O Servicio de Información bibliográfica e referencia da BX atendeu 4.556 consultas, das que 16 non poideron resolverse e 35 foron desviadas a outras bibliotecas ou centros de documentación que poderan resolvelas máis axeitadamente. Do conxunto de con-

sultas resoltas 1586 foron consultas non bibliográficas (horarios, ubicación e funcionamento de servicios, etc.) e 2.919 bibliográficas. Entre estas últimas o grupo máis numeroso constituírono as consultas sobre manexo de catálogos (25%); un 11% resolvéronse con consultas a CD-ROMs.

Unha análise por tipos de usuarios indica un crecemento considerable das consultas plantexadas por profesores e investigadores (1990: 13%); 1991: 23%). Un 40% das consultas foron feitas por alumnos, un 21% por usuarios externos á Universidade de Santiago, un 3% por outras Bibliotecas non pertencentes á Universidade de Santiago. O 13% restante foron consultas plantexadas polos propios bibliotecarios para apoio ós seus traballos técnicos (7% bibliotecarios de Centros, 6% bibliotecarios da BX).

Os meses de máis consultas foron xaneiro, outubro, e novembro, o que resulta lóxico se temos en conta que é nestes meses cando se incorporan á Universidade moitos novos alumnos que teñen máis dificultades para o uso dos servicios.

As actividades de formación de usuarios desenvoltas pola BU diferencian actividades dirixidas ós alumnos de primeiro curso coa finalidade de darlles a coñecer-la biblioteca, e actividades dirixidas a profesores, investigadores e alumnos do terceiro ciclo co obxectivo de facilitarlles técnicas de documentación e proporcionarlles coñecemento dos servicios específicos da BU para este tipo de usuarios. De calquera xeito, a maioría das bibliote-

cas están aínda nun estado de organización dos seus recursos que non permiten o establecemento de programas estables de formación.

A BX desenvolveu ó longo do curso académico visitas guiadas para os alumnos que se realizan semanalmente. Tamén a Biblioteca da Facultade de Filosofía realizou cursos dirixidos a este grupo de usuarios, e a Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia editou un tríptico coa información básica para o uso dos seus servizos. Para o segundo tipo de usuarios, profesores, investigadores e alumnos de terceiro ciclo, a BX desenvolveu 2 cursos de 10 horas dirixido a usuarios da Facultade de Química, e 1 curso sobre Métodos de Investigación documental dentro do programa dos Cursos de Doutoramento.

Actividades semellantes foron ofertadas tamén pola Biblioteca da Facultade de Filosofía e CCE. e pola Biblioteca da Facultade de Bioloxía.

Como complemento destas actividades formativas, a BX editou un folleto sobre as bases de datos bibliográficas en CD-ROM.

A difusión bibliográfica continuouse a facer mediante a elaboración de Boletíns de sumarios e novas adquisicións. Co fin de facilita-lo coñecemento dos recursos bibliográficos existentes en Bibliotecas de especialidades relacionadas prevese a unificación de Boletíns de Novas adquisicións a partir da automatización das Bibliotecas do Campus Sur.

Outro aspecto da difusión bibliográfica constitúeno as exposicións. En 1991, debido ás novas tarefas emprendidas, a BX soamente puido realizar a correspondente ó Día das Letras Galegas, na que se mostrou practicamente toda a obra de Alvaro Cunqueiro nas súas diversas edicións, e boa parte das súas colaboracións en periódicos e revistas. A axuda doutras institucións e persoas fixo posible a exhaustividade da mostra. Entre elas hai que destacar a Biblioteca da Fundación Penzol, a do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, a Pública de Lugo e a Municipal de Mondoñedo. Os fondos desta mostra foron recollidos nun Catálogo impreso.

Co seu fondo histórico a BX colaborou en diversas exposicións doutros organismos. Hai que salienta-las seguintes:

- Exposición "Librería de Escribanos de D. José Febrero", realizada polo Colegio Notarial de Madrid, do 16 ó 22 de marzo.
- Exposición "V Centenario del Nacimiento de S. Ignacio y 450 Aniversario de la Fundación de la Compañía de Jesús", organizada pola Compañía de Jesús de Santiago, do 15 ó 20 de abril.
- Exposición "Ciudad y Torre, Roma y la Ilustración", organizada polo Concello de A Coruña e celebrada nesa cidade do 26 de setembro ó 10 de novembro.
- Exposición "Victoriano García Martí", organizada polo Concello

da Fobra do Caramiñal e celebrada entre decembro de 1991 e xaneiro de 1992.

Diversos fondos da BX foron prestados para ser reproducidos por diversas editoriais, normalmente en edicións facsimilares. Entre estes destacan : Fiestas de la S.I. Metropolitana y Patriarcal de Sevilla, de Fernando de La Torre Farfán (1671); Flora Descriptiva de Galicia, del P. Merino (1905-1909); A fonte do Xuramento, de Francisco María Iglesias González (1882); Catón Galego, de Bencho-Sey (1969).

O servizo de préstamo interbibliotecario (PI) ten como obxecto a obtención de documentos que non existen dentro das coleccións da BU, non poden ser adquiridos (por atoparse esgotados, ser parte doutras publicacións, non corresponder á política de desenvolvemento das coleccións, ou responder a demandas puntuais), pero que sen embargo son demandados por usuarios. Este servizo é desenvolvido en 2 puntos dentro da BU: a Biblioteca da Facultade de Medicina que obtén reproducións de documentos para a propia Facultade, e a Biblioteca Xeral que obtén documentos orixinais e reproducións para as restantes Bibliotecas de Centro e para as Bibliotecas de A Coruña e Vigo, que actúan de ponte entre a BX e os usuarios.

Na BX este servizo que viñera tendo un fortísimo incremento nos anos anteriores parece ter unha demanda máis estable, xa que en 1990 se tiña incrementado un 55%, mentres neste ano o incre-

mento foi do 8%. En total recibíronse 8.042 solicitudes, téndose recibido a fins de ano 6.348 documentos, o que supón unha porcentaxe de obtención satisfactoria dadas as características do servizo e a que houbo 531 solicitudes que foron anuladas por estaren mal os datos bibliográficos, seren excluídas de préstamo nas Bibliotecas as que foron pedidas, ou ser canceladas polos propios solicitantes.

As Bibliotecas das Facultades de Farmacia, Bioloxía e Veterinaria foron as que tiveron máis solicitudes de reproducións de documentos: 1.333, 1.119 e 996 respectivamente, mentres que solicitaron máis documentos orixinais as Bibliotecas das Facultades de Filosofía e CC da Educación (101), Filoloxía (77) e Xeografía e Historia (62), distribución lóxica se se ten en conta que as reproducións afectan fundamentalmente a artigos de revistas, mentres que os documentos orixinais son polo xeral monografías.

As Universidades de Vigo (949 solicitudes) e A Coruña (744 solicitudes) ocasionan un 23% da carga de traballo deste servizo. Está previsto que en 1992 a BU de Vigo se vaia paulatinamente facendo cargo das demandas dos seus usuarios.

Como prestataria a outras Bibliotecas do Estado ou do estranxeiro, a BU de Santiago ven tendo un índice considerable de incremento nos últimos anos: 1989:352 solicitudes, 1990:1.500 solicitudes, 1991:2.540 solicitudes. A lectura positiva destes datos indica que a BU de Santiago posúe fondos ricos e cada vez mellor controlados bibliográficamente e polo tanto máis difundidos. É

evidente tamén que tal incremento de solicitudes sobrecarga de traballo á BU, aínda que os documentos obtidos superán con moito ós prestados (2.239).

A Biblioteca da Facultade de Medicina solicitou 2.832 documentos, dos que obtivo 2.294 . Como Biblioteca proveedora para outras Bibliotecas recibiu 2.166 solicitudes, servindo 1.836.

VISITAS ILUSTRES

O 10 de Xuño deste ano a Universidade de Santiago recibiu a visita das SS MM os Reis de España, que dentro dos actos oficiais no Fazo de Fonseca estiveron na Biblioteca América, onde se lles mostraron valiosos fondos bibliográficos desta Universidade.

O 10 de Xullo O Xefe de Estado de Portugal, Mario Soares, visitou a Biblioteca América no marco dunha visita privada á Universidade. Mostráronselle algunhas edicións antigas de autores portugueses.

Esta mesma Biblioteca foi visitada polo Rector da Universidade da Sorbona o 9 de Xuño.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta Memoria foi aprobada na xuntanza da Comisión da BU do día 26 de Marzo de 1992, co voto particular dos Presidentes das Comisións das Bibliotecas da Facultade de Medicina e Odontoloxía e de Veterinaria respecto ó proxecto do Catálogo Colectivo de Publicacións Científicas en Bibliotecas de Galicia, en colaboración coa Biblioteca do Hospital Juan Canalejo (p. 6-7).